

BANDO MUNICIPAL

USO GRELLAS

Nas zonas de influencia forestal non se permitirá o uso das grellas durante a época de perigo alto, de conformidade co establecido no artigo 36.1.a) da *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*.

A Orde do 2 de xuño de 2025 pola que se determina a época de perigo alto de incendios, refire que se deben considerar como épocas de perigo alto de incendios: – *Unha época fixa no período estival, que se corresponde normalmente coa campaña de incendios, durante os meses de xullo, agosto e setembro.* / – *Unha época variable, cunha duración aproximada dun mes, que oscila normalmente entre os meses de febreiro, marzo, abril, xuño e outubro.*

No PLADIGA 2025 o Concello de Ribeira mantén a consideración de zona de alto risco de incendio (ZAR), segundo consta no mapa 3.1, polo que non resulta aplicable a exención do uso das grellas durante a época de perigo alto de incendio prevista no artigo 36.3 da *Lei 3/2007, do 9 de abril*.

Esta Alcaldía, en exercicio das facultades atribuídas polo artigo 21.1.e) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, ao respecto das condicións de uso das grellas situadas nas áreas recreativas municipais de San Roque e Couso, deste termo municipal, FAI SABER:

Que se autoriza a realización de lume para preparación de alimentos nas grellas habilitadas ao efecto nas áreas recreativas municipais do Parque Periurbano de San Roque e Couso, fóra da época fixa de perigo alto de incendios, e sempre que se cumpran as seguintes condicións especiais:

Uso do lume e seguridade:

- O índice de risco diario de incendio forestal (IRDIF), que pode consultar no seguinte enlace <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/irdi> non poderá ser maior de alto.
- O vento non pode ser superior a forza 3, escala Beaufort (non se moven as ramas grosas das árbores).
- Asegurarse de ter unha distancia maior de 3 metros desde o lume a calquera combustible susceptible de propagalo.
- Permanecer vixilante e xunto ao lume durante todo o tempo que estea acendido, procedendo a apagalo rapidamente se o vento provoca situacións de risco.
- Non queimar follas, papeis ou combustible fino, cuxas charamuscas poidan ser transportadas pola columna de fume.
- Non acumular gran cantidade de combustible, engadíndoo sempre de forma progresiva.
- Ter auga suficiente ou algún medio de extinción eficaz a man.

Coidado do entorno:

- Débese manter limpo o entorno, retirando o lixo que se xere e depositándoo dentro dos contedores instalados para tal fin.

Ribeira, á data da firma electrónica

A alcaldesa,

María José Sampedro Fernández

